

ANEXO III
CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta SXAI 2023-2025			
Título: Convenio de Servizos Xerais de Apoio á Investigación 2023-25.			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión da I+D+i			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/01/2023	FIN: 31/12/2025	
CENTRO Inv. Principal: Servizos de Apoio á Investigación (SAI)			
OBJECTO DO CONTRATO: Técnico informático para Unidade de Coordinación de Laboratorios (UCLA)			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: A UCLA do Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) - 7:45 a 15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a		Investigador/a en formación * Require matrícula programa doutoramento SUG	
X Técnico/a de apoio á investigación		Axudante de apoio á investigación	
Técnico/a administrativo/a		Axudante administrativo/a	
XORNADA	Tempo Completo: X	Tempo Parcial:	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/01/2023
TIPO DE CONTRATO: Indefinido X		Duración determinada DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.076,67 € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.04 44.23.25 541A 640.00.00			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Graduado ou equivalente
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Alberto de Vega Martín, Jaime Rodríguez González
Alberto Núñez Cardezo (Suplentes: Blanca Padín Viaño, Gerardo Fernández Martínez)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña/Ferrol, 31 de outubro de 2022

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.:

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	nNz2FuiFt3vrNn+s010/Cw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	07/11/2022 09:05:55
Observacións	Director/a - Servizo de apoio á investigación - Alberto De Vega Martín	Asinado	04/11/2022 19:01:32
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nNz2FuiFt3vrNn+s010/Cw==	Páxina	1/3
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A persoa beneficiaria deste contrato desenvolverá e colaborará nas seguintes tarefas:

1. Análise, deseño, desenvolvemento e implantación de funcionalidades do LIMS (sistema informático para a xestión de laboratorios) dos SAI (Servizos de Apoio á Investigación) da UDC. Captura das necesidades dos técnicos e dos usuarios e detección e seguemento de incidencias para a subsanación e prevención de erros.
2. Dixitalización de procesos mediante a análise e deseño de novas funcionalidades informáticas para integrar e incorporar as tecnoloxías emerxentes que permitan ofrecer un mellor servizo aos usuarios
3. Xestión da web dos SAI: apoio na análise e no deseño, actualización dos contidos, monitorización das estatísticas de uso con obxectivos de mellora coninua para incrementar o coñecemento e visibilidade dos SAI.
4. Control das estatísticas das análises das mostras recibidas nos SAI mediante o procesamento de distintas fontes de datos dos SAI para elaborar información significativa da xestión dos laboratorios. Obtención de datos clave para optimización de recursos e procesos. Aplicación ao sector público institucional, como a UDC, das últimas técnicas de xestión empresarial.
5. Relación cos usuarios dos SAI: formación e resolución de incidencias no acceso á plataforma por parte dos usuarios para xestionar a trazabilidade integral das súas análises. Asesoramento dos medios e procedementos informáticos necesarios para poder minimizar os erros en función do seguemento do uso da plataforma. Este nivel de eficiencia implica unha capacidade máis áxil de resposta aos usuarios e contribúe a aumentar a súa produtividade.

FUNCÍONS

1. Funcionalidades relativas ao LIMS:

- a) optimización da inmediatez na entrega dos resultados de análises vía telemática
- b) a seguridade e privacidade deses datos
- c) participación do tecnólogo no desenvolvemento de novas funcionalidades:
 - o a integración do LIMS coa xestión económica dos servizos no proceso de emisión de solicitudes de factura
 - o a integración da xestión de compras comúns a todos os laboratorios mediante técnicas de control de stock
- d) cumprir no referente á xestión da calidade no referente á ISO 17500
- e) axudar na trazabilidade completa entre análises, informes, albaráns e facturas para controlar a xestión económica dos servizos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	nNz2FuiFt3vrNn+s010/Cw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	07/11/2022 09:05:55
	Director/a - Servizo de apoio á investigación - Alberto De Vega Martín	Asinado	04/11/2022 19:01:32
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nNz2FuiFt3vrNn+s010/Cw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. Funcións no soporte de servidores Linux que permitan:

- almacenar a aplicación destinada a xestionar as solicitudes de facturas e os procesos de xestión económica que vencellen os albaráns coas facturas
- análogamente para o almacenamento de toda a documentación para a xestión de compra de material de laboratorio e a súa optimización

Documentación a presentar

Os/as interesados/as deberán presentar unha solicitude, na que indicarán a referencia da convocatoria de contratación, e na que se detallarán claramente os méritos en diferentes apartados segundo o mesmo esquema e os conceptos indicados na seguinte táboa de valoración.

As persoas seleccionadas deberán presentar nun prazo máximo de 5 días desde a resolución, a documentación acreditativa de todos os méritos alegados. A falta de acreditación ou a acreditación incompleta de méritos e requisitos suporá a exclusión definitiva do/a aspirante cuxo posto será ocupado polo/a correspondente candidato/a da listaxe de reserva.

CONCEPTO		PUNTUACION	MÁXIMO
Experiencia como tecnólogo	Experiencia en servizos de apoio á investigación	5 puntos por ano traballado	40 puntos
Formación adicional en xestión	Formación. mestrado en administración e dirección de empresas ou equivalente	10 puntos por cada mestrado	15 puntos
	Cursos sobre <i>Bussiness Intelligence</i>	1 punto cada 100 horas	
Formación adicional relacionada con operativa dos laboratorios	Formación sobre UNE-EN ISO/IEC 17025	0,5 puntos x 4 horas	10 puntos
	Prevención de riscos	1 puntos x 25 horas	
Formación específica en informática	Curso sobre seguridade en internet	1 punto x 20 horas	10 puntos
	Garo en Enxeñería Informática	presente x 5 puntos	
	Formación en administración de sistemas Linux	1 punto x 20 horas	
Coñecemento de idiomas	Inglés C1	presente x 2,5 puntos	10 puntos
	Galego C2	presente x 7,5 puntos	
Entrevista persoal	Posibilidade de entrevista persoal aos candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores		15 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	nNz2FuiFt3vrNn+s010/Cw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	07/11/2022 09:05:55
	Director/a - Servizo de apoio á investigación - Alberto De Vega Martín	Asinado	04/11/2022 19:01:32
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nNz2FuiFt3vrNn+s010/Cw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

